

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 10 de marzo de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dez de marzo do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, , D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Ana Laura Iglesias González, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *D. Santos Héctor Rodríguez Díaz*, nin as deputadas *Dna. Noemí Outeda Prol* e *Dna. Iria Lamas Salgueiro*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32379.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2023.

2.32380.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS PARA A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023 (Expte.2023004610)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, establece as bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023, e cos informes favorables de Secretaría e Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “*Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023*”, que figuran co CSV: 8NQ56IF3QJZP4ERZ.



3.32381.- APROBACIÓN DAS II ADDENDAS AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DE: CANGAS, O ROSAL, SALCEDA DE CASELAS, AGOLADA, PORTAS, ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO, ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA, PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (Expte.2023004117)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020, aprobou o “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.” (Expte. 2020036145), cuxa vixencia se estendeu ata o 1 de abril de 2022.

Segundo.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022, foi aprobada I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2023, data de finalización da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Expte. 2020029219).

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 24 de novembro de 2022 (modificado posteriormente por acordo nº 24.32387 de data 9 de decembro de 2022), prorrogouse o contrato que rexe a presentación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Expte. 2020029219) cuxa duración se estende ata o 10 de marzo de 2024, ao concorrer razóns de interese público que esixen a súa continuidade.

Cuarto.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2022, foi aprobada a II Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2024, data de finalización da segunda prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Expte. 2020029219).

Quinto.- Para a formalización da devandita II addenda ao convenio de colaboración as Entidades Locais interesadas deben proceder a súa aprobación.

Sexto.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións das II addendas ao convenio, das seguintes Entidades Locais: *Cangas, O Rosal, Salceda de Caselas, Agolada, Portas, Entidade Local Menor de Vilasobroso e a Entidade Local Menor de Arcos da Condesa.*



Sétimo.- A aprobación das II addendas ao convenio xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2020029219.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención Xeral de data 7 de marzo de 2023.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar as presentes II addendas, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as II addendas aos convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as seguintes Entidades Locais: *Concello de Cangas, Concello de O Rosal, Concello de Salceda de Caselas, Concello de Agolada, Concello de Portas, Entidade Local Menor de Vilasobroso* e a *Entidade Local Menor de Arvos da Condesa*, para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

Segundo.- Aprobar as liquidacións, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración, desde o 11 de marzo de 2023 ata o 10 de marzo de 2024, tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

Nº	Entidade Local	Poboación	Pagamento por Entidade
58	<i>Concello de Cangas</i>	26.832	5.500,00 €
59	<i>Concello de O Rosal</i>	6.450	2.500,00 €
60	<i>Concello de Salceda de Caselas</i>	9.380	2.500,00 €
61	<i>Concello de Agolada</i>	2.252	1.000,00 €
62	<i>Concello de Portas</i>	2.851	1.000,00 €
63	<i>Entidade Local Menor de Vilasobroso</i>	-	-
64	<i>Entidade Local Menor de Arvos da Condesa</i>	-	-

Cuarto.- Facultar á presidenta para a formalización das mencionadas II addendas ao convenio mediante a súa sinatura.

4.32382.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “SERVIZO DE ILUMINACIÓN PÚBLICA” (Expte.2023005944)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)



núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.

- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)



- En data 30/01/2023, con rexistro núm.WEB2023004520, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (líña 2), petición do *Concello de Bueu* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 62.626,02 euros, con destino ao financiamento de “*Servizo de iluminación pública*” (Expte.2023005944), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	62.626,02 €	62.626,02 €	0,00 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Resolución do expediente
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (liña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.



- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Bueu*, CIF:P3600400J, a cantidade de 62.626,02 euros, para a realización da actuación “*Servizo de iluminación pública*” (Expte.2023005944), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Bueu*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



5.32383.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “SUBVENCIÓN PLAN CONCELLOS LIÑA 2 ACTIVIDADES” (Expte.2023005645)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00€ con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00€ que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 € adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.



- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)
- En data 27/01/2023, con rexistro núm.WEB2023004161, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (liña 2), petición do *Concello de Cerdedo Cotobade* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 71.432,27 euros, con destino ao financiamento de “*Subvención Plan Concellos liña 2 actividades*” (Expte.2023005645), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	71.432,27 €	71.432,27 €	0,00 €

- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2023 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Entroido infantil en Cerdedo Cotobade 2023	3.355,00 €	3.355,00 €
Nadal infantil en Cerdedo Cotobade 2023	2.640,00 €	2.640,00 €
Festas do neno en Cerdedo Cotobade 2023	3.685,00 €	3.685,00 €
San Xoán en Cerdedo Cotobade 2023	4.446,75 €	4.446,75 €
Música en Cerdedo Cotobade 2023	4.850,32 €	4.850,32 €
Teatro en Cerdedo Cotobade 2023	6.000,00 €	6.000,00 €
Obradoiro de memoria e psicomotricidade para terceira idade 2023	13.455,20 €	13.455,20 €
Ornamentación do Nadal 2023	13.500,00 €	13.500,00 €
XV Feira de Cuspedriños 2023	6.000,00 €	6.000,00 €
Excursión en Cerdedo Cotobade 2023	2.500,00 €	2.500,00 €
Xuntanza de maiores en Cerdedo Cotobade 2023	11.000,00 €	11.000,00 €
TOTAL	71.432,27 €	71.432,27 €



- En datas posteriores, a entidade municipal susbsana a memoria presentada coa solicitude.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13^a das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 13/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cerdedo Cotobade*, CIF:P3600048G, a cantidade de 71.432,27 euros, para a realización da actuación “*Subvención Plan Concellos liña 2 actividades*” (Expte.:2023005645), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cerdedo Cotobade*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.32384.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE DOZÓN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DE FORMIGÓN DE RÚAS INTERIORES NOS LUGARES DE QUINTÁ, SEIXAS, CUBELOS E O CASTRO” (Expte.2023006528)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un



prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

- En data 01/02/2023 por rexistro WEB2023005307, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *Concello de Dozón* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 119.779,73 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Renovación de formigón de rúas interiores nos lugares de Quintá, Seixas, Cubelos e o Castro*”, cun orzamento que importa 119.779,73 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
TOTAL	119.779,73	119.779,73	0,00	0,00

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto e técnico municipal sobre a normativa sectorial, aportando aos efectos a solicitude da preceptiva autorizacións sectorial.
- En data posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial do Servizo de Mobilidade da Deputación de Provincial de Pontevedra, así como, a aprobación do proxecto e o Anexo III (Acta trazado previo), debendo o *Concello* realizar a súa aportación (autorización sectorial, Anexo III e aprobación do proxecto), xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.



- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do



Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 13/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Dozón* CIF P3601600D a cantidade de 119.779,73 €, con destino ao financiamento do investimento “*Renovación de formigón de rúas interiores nos lugares de Quintá, Seixas, Cubelos e o Castro*”, (Expte. 2023006528) cun orzamento polo mesmo importe.
- A presente concesión queda condicionada a obtención da autorización sectorial do Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo imprescindible que o *Concello* a remitirá á Deputación coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *Concello de Dozón* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Dozón*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.32385.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SOTERRAMENTO DE INSTALACIÓNS, SEPARACIÓN DE RESIDUAIS E PLUVIAIS E HUMANIZACIÓN DA RÚA OSCURA” (Expte. 2023006315)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN EN CERNES DO CICLO DA AUGA

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 14/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 14/02/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Oia*, CIF: P3603600B a cantidade de 236.350,86 € con destino ao financiamento do investimento “*Cambio de céspede no campo de fútbol de As Tornas*” (Expte. 2023006183) cun orzamento por un importe de 258.783,58 € e unha achega de fondos propios de 22.432,72 €, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	258.783,58€	236.350,86 €	22.432,72€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concello 2022-2023 , o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Oia*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



11.32389.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OIA NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “GASTO CORRENTE NOVO: LIMPEZA DE EDIFICIOS PÚBLICOS E TRATAMENTO DE RESIDUOS URBANOS” (Expte.2023005869)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de € adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.



- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)
- En data 30/01/2023, con rexistro núm.WEB2023004388, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (liña 2), petición do *Concello de Oia* na que solicita unha subvención por importe de 140.082,35 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente novo: limpeza de edificios públicos e tratamento de residuos urbanos*” (Expte.2023005869), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	140.082,35 €	140.082,35 €	0,00 €

- Para o financiamento da actuación descrita no parágrafo anterior, a entidade municipal solicita que parte da cantidade asignada a liña 1-investimentos correspondente a anualidade 2023 do Plan Concellos, en concreto 95.000,00 euros, se traspasen a liña 2 correspondente a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Oia*, CIF:P3603600B, a cantidade de 140.082,35 €, para a realización da actuación “*Gasto corrente novo: limpeza de edificios públicos e tratamento de residuos urbanos*” (Expte.:2023005869), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Oia*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.32390.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “GASTO CORRENTE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, SOCIAIS E DEPORTIVAS” (Expte.2023005920)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de



actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.

- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)
- En data 30/01/2023, con rexistro núm.WEB2023004417, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (liña 2), petición do *Concello de Vilagarcía de Arousa* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 120.362,00 €, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente para a realización de actividades culturais, sociais e deportivas*” (Expte.2023005920), cun orzamento por importe de 146.035,50 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	146.035,50 €	120.362,00 €	25.673,50 €



- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2023 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do conservatorio de música	19.000,00 €	18.181,00 €
Escola municipal de música	10.000,00 €	9.500,00 €
Proxecto estimulación cognitiva e psicomotriz	11.286,00 €	7.181,00 €
Proxecto prevención da adicción ao xogo de apostas	3.097,60 €	3.000,00 €
Proxecto empatiza	8.929,80 €	5.000,00 €
Proxecto teatro foro	5.130,40 €	3.000,00 €
Programa para fomentar a igualdade de xénero	12.995,00 €	10.500,00 €
VI Festival internacional de música Clasclas	30.500,00 €	30.000,00 €
Espectáculo combate naval Vilagarcía 2023	45.096,70 €	34.000,00 €
TOTAL	146.035,50 €	120.362,00 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (liña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, CIF:P3606000B, a cantidade de 120.362,00 €, para a realización da actuación “*Gasto corrente para a realización de actividades culturais, sociais e deportivas*” (Expte.2023005920), cun orzamento por importe de 146.035,50 €.
- Autorizar e comprometer o gasto nas aplicacións 2023/942.9425.462.00 e 2023/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.32391.- ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-D5000-2021-000380 “INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS PARA O USO TÉRMICO DA ENERXÍA XEOTÉRMICA NOS MUNICIPIOS DE A CAÑIZA E A ILLA DE AROUSA” E CONCESIÓN DE AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS. (Expte.2021052876)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da Resolución favorable de concesión dunha axuda polo IDAE con destino ao proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, e co obxecto de aceptar a axuda concedida mediante resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2023004575 e data 01/03/2023 e, ao mesmo tempo, conceder as axudas comprometidas pola Deputación ós concellos de A Cañiza e A Illa de Arousa, a xefa do servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou en día 4 de agosto de 2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.
- Dentro das competencias que confire a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 de 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está segundo o artigo 36.1.d), “o fomento do desenvolvemento económico e social e a defensa dos intereses peculiares da provincia”



- Neste marco de colaboración, o 13 de agosto de 2019 (rexistro de saída número 2019015131) desde a Deputación de Pontevedra informouse ás entidades locais da provincia da intención da institución provincial de presentar varios proxectos singulares ao amparo das medidas elixibles recollidas no Anexo I do Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, promovidas polo Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (en diante IDAE). Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica, entre outras, as solicitudes de participación de varios concellos nos citados proxectos a presentar ante o IDAE por parte da Deputación de Pontevedra.
- Para canalizar as solicitudes de participación dos concellos considerados de “reto demográfico” é precisa a presentación de proxectos singulares, ao amparo do Real Decreto 692/2021 do IDAE (programa DUS 5000) detállase a seguinte:

Medida (Anexo I)	Concellos	Proxectos singulares a presentar DUS 5000
Medida 3. Instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ ou frío	A Cañiza e A Illa de Arousa	Instalacións xeotérmicas sostibles II: Instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa

- Acompañando á instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade.
- O obxecto do proxecto é a substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica existentes por sistemas baseados no uso da enerxía xeotérmica, en edificios e infraestruturas.
- Concretamente as actuacións consisten:
 - No Concello de A Cañiza vaise substituír a instalación actual (caldeira de gasóleo C) por un sistema de aproveitamento da enerxía xeotérmica en circuíto vertical de lazo pechado empregando unha bomba de calor de última xeración. Ademais, substitúense os actuais radiadores por modernos ventilo convectores.
 - No Concello de A Illa de Arousa trátase dunha actuación nova sobre dous edificios lindeiros na rúa Marqués de Bradomín, que se atopan actualmente en rehabilitación integral (practicamente finalizada) para o seu uso como Centro Sociocultural, e que ademais están catalogados por patrimonio. Exponse un sistema de aproveitamento da enerxía xeotérmica en circuíto vertical de lazo pechado, empregando unha bomba de calor de última xeración que dea servizo aos dous edificios, cunha rede de distribución enterrada ao redor do 75 metros de lonxitude desde a sala técnica a cada un dos edificios, e da que xa está executada unha parte significativa da mesma (uns 50 metros).
- Ascendendo así o investimento elixible do proxecto a 410.913,58 euros.



- En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”, asignándolle o rexistro número 202100017457. Tras a súa avaliación, en data 01/03/2023, con rexistro de entrada número 2023004575 recíbese resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo aos fondos Next Generation - EU por un importe de 349.276,53 euros, asignándolle o número de proxecto PR-D5000-2021-000380.
- As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

<i>“Instalacións xeotérmicas sostibles II: Instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”</i>				
<i>Concello</i>	<i>Investimento elixible admitido</i>	<i>Subvención máxima do IDAE (85% sobre o custo subvencionable)</i>	<i>Aportación Deputación de Pontevedra (8% fondos propios)</i>	<i>Aportación concellos (7% fondos propios)</i>
<i>A Cañiza</i>	<i>227.892,61€</i>	<i>193.708,71€</i>	<i>18.231,41€</i>	<i>15.952,49€</i>
<i>A Illa de Arousa</i>	<i>183.020,97€</i>	<i>155.567,82€</i>	<i>14.641,68€</i>	<i>12.811,47€</i>
<i>Totais</i>	<i>410.913,58€</i>	<i>349.276,53€</i>	<i>32.873,09€</i>	<i>28.763,96€</i>

- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

<i>“Instalacións xeotérmicas sostibles II: Instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”</i>	
<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
<i>Total presuposto execución material</i>	<i>267.400,00€</i>
<i>Gastos xerais (13%)</i>	<i>34.762,00€</i>
<i>Beneficio industrial (6%)</i>	<i>16.044,00€</i>
<i>Total presuposto execución por contrata obra</i>	<i>318.206,00€</i>
<i>IVE (21%)</i>	<i>66.823,26€</i>
<i>Total presuposto</i>	<i>410.913,58€</i>
<i>Redacción de proxecto e dirección facultativa</i>	<i>25.884,32€</i>
<i>Total custo de execución proxecto elixible (€)</i>	<i>339.598,00€</i>
<i>Total custo de execución proxecto elixible con IVE (€)</i>	<i>410.913,58€</i>



- Unha vez concedida á axuda e aceptada, a súa execución está prevista que se realice tanto a contratación como a súa execución por parte desta Deputación Provincial no exercicio 2023 a 2024 (18 meses), sendo necesario dotar crédito nos orzamentos de ditos exercicios, de acordo co cronograma que se aprrobe, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

<i>“Instalacións xeotérmicas sostibles II: Instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”</i>			
<i>Entidade</i>	<i>Execución (100% inversión elixible admitida)</i>	<i>Execución en 2023</i>	<i>Execución en 2024</i>
<i>Axuda concedida IDAE (85% Next Generation EU)</i>	<i>349.276,53€</i>	<i>349.276,53€</i>	<i>-</i>
<i>Aportación Deputación de Pontevedra</i>	<i>32.873,09€</i>	<i>32.873,09€</i>	<i>-</i>
<i>Aportación concellos</i>	<i>28.763,96€</i>	<i>28.763,96€</i>	<i>-</i>
<i>Total</i>	<i>410.913,58€</i>	<i>410.913,58€</i>	<i>-</i>

- *Á vista do anterior cumpre a súa vez a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- *Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do presuposto da Deputación para o vixente exercicio.*



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

COMPETENCIA:

- *De conformidade co previsto na resolución de concesión, no prazo de (12) doce meses desde a notificación da resolución de concesión, o beneficiario deberá acreditar iniciar a tramitación dos procedementos de contratación das subministracións, obras e/o servizos necesarios para a execución do proxecto obxecto de axuda, achegando a través da Sede electrónica do IDAE copia dos anuncios publicados nos Diarios Oficiais, a Plataforma de Contratación do Estado, Perfil do Contratante ou, no seu caso, os certificados que acrediten fidedignamente o inicio das actuacións previstas no proxecto.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Presuposto provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención*
- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición pecuniaria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprométese a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

III. CONCLUSIÓN

O proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa” no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Programa DUS 5000), foi presentado ante o IDAE pola Deputación co obxecto da substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica existentes por sistemas baseados no uso da enerxía xeotérmica, en edificios e infraestruturas públicas. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo aos fondos cargo a fondos Next Generation-EU (máximo 85% sobre o custo subvencionable), completándose cunha achega por parte da Deputación de Pontevedra do 8% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante os concellos de A Cañiza e A Illa de Arousa como concellos beneficiarios.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 349.276,53 euros correspondentes á subvención concedida mediante a resolución de concesión de axudas do IDAE número do proxecto PR-D5000-2021-000380, de data 01/03/2023 e número de entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra 2023004575.

Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 28.763,96 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de A Cañiza e A Illa de Arousa.

Tamén cómpre realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 32.873,09 euros.



Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª de execución dos orzamentos provinciais, abranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.

Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo IDAE, iníciáanse os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.

En consecuencia, cómpre completar o financiamento do proxecto subvencionado mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 32.873,09 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda concedida polo IDAE o proxecto PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa” e a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 02/03/2023, e da Intervención Provincial de data 30/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida ao proxecto IDAE PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa” para a súa execución, mediante Resolución Favorable do Director Xeral do IDAE con número de rexistro de entrada 2023004575 na Deputación de Pontevedra en data 01/03/2023 por un importe de 349.276,53 €, sendo o total do investimento elixible admitido a cantidade de 410.913,58 €.



- Aprobar o gasto para a anualidade 2023 cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

<i>“Instalacións xeotérmicas sostibles II: Instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”</i>			
Entidade	Execución (100% inversión elixible admitida)	Execución en 2023	Execución en 2024
Axuda concedida IDAE (85% Next Generation EU)	349.276,53€	349.276,53€	-
Aportación Deputación de Pontevedra	32.873,09€	32.873,09€	-
Aportación concellos	28.763,96€	28.763,96€	-
Total	410.913,58€	410.913,58€	-

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “*proxecto de gasto*” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida e polos importes das achegas dos concellos de *A Cañiza* e *A Illa de Arousa*, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “*proxecto de gasto*”.
- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto PR-D5000-2021-000380 “*Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa*” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega Deputación) que se relacionan a continuación:

<i>“Instalacións xeotérmicas sostibles II: Instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa”</i>	
Concello	Aportación máxima Deputación de Pontevedra
A Cañiza	18.231,41€
A Illa de Arousa	14.641,68€
Total	32.873,09€

- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 32.873,09 euros na aplicación 23/942.1700.652.15 do orzamento provincial na que non existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a totalidade das achegas a realizar pola Deputación para este tipo de proxectos de



“*mellora da eficiencia enerxética*” solicitados en 2023 ao IDAE, por isto, deberá tramitarse a correspondente modificación de créditos.

- As presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:
 - A efectividade do acordo de concesión quedará supeditada ate a data da sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán pormenorizadamente as actuacións concretas a desenvolver, obrigas e dereitos das partes.
 - As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
 - Convén lembrar que o beneficiario deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ó abeiro do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.
 - Segundo co asinado no acordo entre beneficiarios, os concellos adheridos ao proxecto IDAE PR-D5000-2021-000380 “*Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa*” delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións que implican a substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica existentes por sistemas baseados no uso da enerxía xeotérmica, en edificios e infraestruturas.
 - Calquera outra obriga estipulada no referido acordo entre beneficiarios para o proxecto IDAE PR-D5000-2021-000380 “*Instalacións xeotérmicas sostibles II: instalacións para o uso térmico da enerxía xeotérmica nos municipios de A Cañiza e A Illa de Arousa*” nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.

- Darlle traslado do presente acordo ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

14.32392.- AUTORIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-9302 EN BROULLÓN (PQ 0+780 AO PQ 0+970) E COBAS (PQ 2+400 AO PQ 2+550), NO CONCELLO DE MEAÑO”. (Expte 2021065111)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 5/08/2022 acordou adxudicar á empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*”, por un importe de 346.060,00 euros IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.



Resultando.- Que con data 16/09/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 16/03/2023.

Resultando.- Que con data 14/02/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista, solicitando unha ampliación de prazo na execución deste contrato de obras de TRES (3) MESES, debido a que as continuas borrascas que se veñen producindo dende mediados do mes de outubro ata finais de xaneiro de 2023, provocou que algunhas unidades de obra non se puideran executar con normalidade, debendo de pararse en reiteradas ocasións traballos de movementos de terras e escavacións en zanja unido a que a cantidade de auga acumulada no terreo neses meses, imposibilitou realizar os traballos de firmes. Coa solicitude xunta partes meteorolóxicos ó efecto.

Resultando.- Que solicitado o preceptivo informe ó director de obra, este emitiu o mesmo (CSV) XYG0MH0J6SWYLUYL, no que se recolle o seguinte: *“...a Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, pero considera que dada a cantidade e natureza dos traballos que restan por executar, e atendendo ás condicións meteorolóxicas experimentadas durante o transcurso da obra (45 días con máis de 5 mm/día de precipitación no intervalo de tempo considerado polo contratista, segundo a táboa que se achega con este informe), considérase que o tempo perdido é de un mes e medio, polo que a prórroga que procede conceder para o prazo de execución da obra é de UN MES E MEDIO (1,5) MESES, ata o 30 de abril de 2023...”*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor informando favorablemente a prórroga para a execución do contrato.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.



Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa INGENIERIA Y PREVANCION DE RIESGOS S.L. para a adxudicación do Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na prórroga da obra "*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550)*", no Concello de Meaño", por un importe de 726,00 €, IVE incluído

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 2022300048842, por importe de 726,00 €.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., unha ampliación do prazo de execución de UN MES E MEDIO (1,5) MESES, no contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550)*", no Concello de Meaño" establecendo coma data para finalizar a obra o día 30/04/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS S.L (CIF B81470841) o Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na prórroga da obra "*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550)*", no Concello de Meaño" (Expte. 2023012374), por un importe de 726,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	600,00 €
IVE (21 %)	126,00 €
Importe total	726,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante o MES E MEDIO (1,5) MESES, polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550)*", no Concello de Meaño", con efectos dende o 16/03/2023

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023012374.



15.32393.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte. 2022070641)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 8504 FORNO-CERNADAS que transcorre polo termo municipal de Valga pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 6.449 km.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada EP-8504 FORNO-CERNADAS existen dous tramos puntuais nos P.Q. 0+530 e 4+670 que se ven anegados polas crecidas do río Louro, superando o cauce do río a cota da calzada e pasando por enriba da mesma. Con estas crecidas faise imposible a circulación segura por ambos tramos polo que se fai preciso acometer a demolición dos pasos existentes e levar a cabo a execución duns novos pasos que melloren, tanto a capacidade hidráulica do paso, que ata o de agora foi insuficiente, así como a ampliación da plataforma da calzada, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria, adosando espazo para o tráfico peonil.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol, Trinidad López Rodríguez, o proxecto de execución da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” cun orzamento base de licitación de 290.782,29 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) Q4AI4P0NTEMA3GS8.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202300006689 por importe de 290.782,29 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.



Resultando.- Que consta no expediente autorización concedida para a realización destas obras por Augas de Galicia e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, así como certificación expedida polo Secretario do Concello de Valga da cesión dos terreos necesarios á Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Tamén consta no expediente informe de supervisión do proxecto emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV 1HCHD8T01ZZWBDO5)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 27/011/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, redactado pola enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol, Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 290.782,29 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) Q4AI4PONTEMA3GS8.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación (CSV) HIZC1GIEFRPBNKO7, no que se recolle o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización do expediente (CSV) I5MMKCFAM18KUKBI, que contén o seguinte: “*...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente....”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*



Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto.*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” cun orzamento base de licitación de 290.782,29 €, IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	240.315,94 €
IVE (21%).....	50.466,35 €
Importe Total	290.782,29 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 0GJI434ACVH7D9VY, e de prescricións técnicas con código (CSV) Q4AI4P0NTEMA3GS8, que rexerán neste procedemento.



3. Autorizar o gasto por importe de 290.782,29 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

16.32394.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6410 BODAÑO-MERZA, P.Q. 0+000 AO P.Q. 6+010 (CONCELLO DE VILA DE CRUCES)”. (Expte.2023000959)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 6410 BODAÑO - MERZA que percorre o termo municipal de Vila de Cruces pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 6.876 metros. O treito que se atopa entre o P.Q. 1+795 e o P.Q. 3+600 está construído con características vinculadas ao uso de vehículos, imposibilitando que, en moitos puntos, o uso peonil se poida realizar con plenas condicións de seguridade.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 6410 BODAÑO - MERZA resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 6+010, mediante a reposición do firme e da súa capacidade portante, mellora da drenaxe e operacións complementarias de reposición de sinalización horizontal afectada, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)*”



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, o proxecto de execución da obra “Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)”, cun orzamento base de licitación de 465.874,10 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 2LJAP7YB53J7N1M1.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/02/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)”, redactado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 465.874,10 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 2LJAP7YB53J7N1M1.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación (CSV) VNV8TU31JY3G8YRI, no que se recolle o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente..”

Resultando.- Que emitido informe de fiscalización do expediente con código (CSV) AGAYD00WXUW4YWVK, recóllese no mesmo o seguinte: “...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado NON se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.



Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)”* cun orzamento base de licitación de 465.874,10 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	385.019,92 €
IVE (21%).....	80.854,18 €
Importe Total.....	465.874,10 €



2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 0PMGT0IMVQ0AU5XS, e de prescricións técnicas con código (CSV) 2LJAP7YB53J7N1M1, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 465.874,10 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

17.32395.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 7204 SOUTELO-RATEL, DENDE O P.Q. 5+000 Ó P.Q. 9+429 (CONCELLO DE FORCAREI)”. (Expte. 2023000984)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 7204 SOUTELO-RATEL que percorre o termo municipal de Forcarei pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 9.429 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 7204 SOUTELO-RATEL resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429, mediante a reposición do firme, mellora da drenaxe lonxitudinal, execución de redutores físico de velocidade e operacións complementarias da reposición da sinalización vertical e horizontal afectada, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7204 Soutelo-Ratel, dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429 (Concello de Forcarei)”.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7204 Soutelo-Ratel, dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429 (Concello de Forcarei) cun orzamento base de licitación de 361.143,28 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZFMA5W0O8WG2GRTA.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 361.143,28 €, con número de operación 202300015466 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10 de febreiro de 2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7204 Soutelo-Ratel, dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429 (Concello de Forcarei), redactado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 361.143,28 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZFMA5W0O8WG2GRTA.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación, onde se recolle o seguinte: *“...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Non obstante, debería de harmonizarse o sinalado para a clasificación da persoa contratista coincidindo a sinalada no proxecto coa dos PCAP...”*

Resultando.- Que o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu dilixencia sobre a clasificación do contratista, (CSV) 4HJEBWA4EGAWZK22, recollendo o seguinte: *“...aínda non sendo requisito indispensable ao ser o valor estimado do contrato do proxecto de obra inferior á cantidade de cincocentos mil euros (500.000 €) segundo o artigo 77.1 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, inclúese a clasificación de referencia correcta: GRUPO: G SUBGRUPO: 4 CATEGORÍA: 2...”*

Resultando.- Que emitíuse pola Intervención emitíuse informe de fiscalización do expediente, (CSV) MCT0W4SOUJXZ7OXJ, no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin*



instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que NON se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto.*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 7204 Soutelo-Ratel, dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429 (Concello de Forcarei)*” cun orzamento base de licitación de 361.143,28 €, IVE incluído de acordo co seguinte detalle:
 Importe..... 298.465,52 €
 IVE (21%)..... 62.677,76 €
 Importe Total..... 361.143,28 €
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): XWE3RQFNVZ7FBMX7, e de prescricións técnicas con código (CSV) ZFMA5W0O8WG2GRTA, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 361.143,28 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

18.32396.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9801 PONTE-A LAXES (CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA)”. (Expte. 2023000985)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 9801 PONTE- A LAXES que percorre o termo municipal da Illa de Arousa pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 1.254 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 9801 PONTE- A LAXES resulta necesario proceder á reparación da estrada en toda a súa lonxitude, mediante a execución de saneos, fresado dunha franxa lateral da capa de rodadura existente. Posteriormente, procederase á aplicación dun simple tratamento superficial e a reposición do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente e execución de pasos de peóns sobreelevados. Finalmente, repoñerase a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes (Concello de A Illa de Arousa)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Belén Pampín Camino, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes (Concello de A Illa de Arousa)*”, cun orzamento base de licitación de 293.461,64 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XPCDTQS01CMI5YW0.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 293.461,64 euros, con número de operación 202300015655 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e por Augas de Galicia e informe favorable de supervisión do proxecto emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que con data 01/03/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo unha serie de observacións en relación coas autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 19/06/2020 e por Augas de Galicia de data 13/07/2020.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10 de febreiro de 2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes (Concello de A Illa de Arousa)*”, redactado pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Belén Pampín Camino, cun orzamento base de licitación de 293.461,64 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XPCDTQS01CMI5YW0.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente informe preceptivo emitido polo Secretario Xeral da Deputación, (CSV) EZAWZQN13XJPOFFX, que recolle o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización do expediente (CSV) 5A86YEGZZ5J6GZ6V, no que se recolle o seguinte: “...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSION Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que NON se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluábeis mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes (Concello de A Illa de Arousa)*” cun orzamento base de licitación de 293.461,64 euros IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	242.530,28 €
IVE (21%).....	50.931,36 €
Importe Total.....	293.461,64 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 9DMMK9NQ8RF9HHYO, e de prescricións técnicas con código (CSV) XPCDTQS01CMI5YW0, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 293.461,64 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

19.32397.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS, P.Q. 6+000 AO P.Q. 11+500 (CONCELLO DE GONDOMAR)”. (Expte. 2022072779)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS que percorre os termos municipais de Porriño e Gondomar pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 11.477km.



Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 6+000 ó P.Q. 11+500, mediante o fresado da estrada, reposición do firme e sinalización, mellora da drenaxe e instalación de sistemas de contención de vehículos, co fin de salvaguardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, María Elena Pérez Alonso, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)*” cun orzamento base de licitación de 617.265,44 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) AZVJDP6Q3JC8SUMJ.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto emitido polo xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV RL798YA3U6NQBVP).

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 617.265,44 euros, con número de operación 202200264689 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/02/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)*”, redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 617.265,44 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) AZVJDP6Q3JC8SUMJ.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación (CSV) IS5WXWJJ3L13RBIQ, que recolle o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente..*”



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización do expediente (CSV) M8U8K6W8KDDQA046, no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.



2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)*” cun orzamento base de licitación de 617.265,44 €, IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	510.136,73 €
IVE (21%).....	107.128,71 €
Importe Total.....	617.265,44 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): BDOW2S3GPHAAGM3S, e de prescricións técnicas con código (CSV) AZVJDP6Q3JC8SUMJ, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 617.265,44 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

20.32398.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE USO TÉRMICO DE BIOMASA NOS CONCELLOS DE CANGAS, A CAÑIZA, PORTAS, REDONDELA, TOMIÑO E VILABOA CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE FEDER-EELL-2020-004535 FINANCIADOS NUN 80 % POLO FEDER A TRAVÉS DO POCS 2014-2020. (Expte. 2022058096)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13/01/2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto da subministración e execución das instalacións de uso térmico de biomasa nos concellos de *Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa* correspondente co expediente FEDER EELL-2020-004535 “*Instalacións de biomasa sostibles P*” do IDAE financiados nun 80 % polo FEDER a traves do POCS 2014-2020, cos seguintes lotes:

Lote	Denominación	Denominación do proxecto do IDAE	Orzamento (sen ive)	Orzamento total (IVE incluído)
1	Instalacións de biomasa sostibles I-Cangas	FEDER-EELL-2020-004535	87.063,31 €	105.346,60 €
2	Instalacións de biomasa sostibles.-A Cañiza	FEDER-EELL-2020-004535	48.135,50 €	58.243,96 €



3	Instalacións de biomasa sostibles.- Portas	FEDER-EELL-2020-004535	91.847,29 €	111.135,22 €
4	Instalacións de biomasa sostibles.- Redondela	FEDER-EELL-2020-004535	87.017,25 €	105.290,88 €
5	Instalacións de biomasa sostibles.- Tomiño	FEDER-EELL-2020-004535	30.873,60 €	37.357,06 €
6	Instalacións de biomasa sostibles.- Vilaboa	FEDER-EELL-2020-004535	30.720,92 €	37.172,31 €
			375.657,87 €	454.546,03 €

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 16/01/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18/01/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12/02/2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

Empresas	Lotes aos que presenta oferta
Termocalor Vigo SL (CIF B-36.771.749)	1, 3,4, 5 e 6
Ferretería Bricobas SL (CIF B-94.090.966)	2
Sapel Renovables SL (CIF B-27.838.655)	1, 2,3, 4 e 6
Grundila SL (CIF B-32.323.370)	1,2,3,4 , 5 e 6
Manuel Alfonso Sousa Instalacions SLU (CIF B-36.472.561)	1, 3,4, 5 e 6

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Cooperación para a súa valoración.

Recibido informe do servizo de Cooperación, con (CSV: R4B8488L8F9SK5E6), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 09/02/2023, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas ao acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (22,50 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas sendo os valores ofertados os que constan no certificado da mesa con (CSV) PJQF3HH600NWXCE7.



Procédese de seguido a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas.

As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con (CSV) V1M5Z7X6M79KK8BD.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16/02/2023 acordou propor a exclusión da oferta presentada pola empresa Sapel Renovables SL ao lote nº2 ao non acadar unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (22,50 puntos) e aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Lote 1

Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación prezo	Puntuación ampliación período garantía	Puntuación total
Grundila SL	31	22,473	10	63,473
Termocalor SL	26	20,241	10	56,241
Sapel Renovables SL	32,5	3,988	10	46,488
Manuel Alfonso Sousa Instalacións SLU (Mas Instalacións SL)	31	0,042	10	41,042

Lote 2

Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación prezo	Puntuación ampliación período garantía	Puntuación total
Grundila SL	23	13,042	10	46,042
Ferretería Bricobas SL	29,5	0,784	10	40,284
Sapel Renovables SL	16	Non alcanza a puntuación mínima no sobre B		



Lote 3

Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación prezo	Puntuación ampliación período garantía	Puntuación total
Grundila SL	31	22,5	10	63,50
Termocalor SL	27	20,246	10	57,246
Sapel Renovables SL	32,5	2,851	10	45,351
Manuel Alfonso Sousa Instalacións SLU (Mas Instalacións SL)	31	0,052	10	41,052

Lote 4

Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación prezo	Puntuación ampliación período garantía	Puntuación total
Grundila SL	31	22,501	10	63,501
Termocalor SL	26	20,234	10	56,234
Sapel Renovables SL	32,5	5,691	10	48,191
Manuel Alfonso Sousa Instalacións SLU (Mas Instalacións SL)	31	0,054	10	41,054

Lote 5

Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación prezo	Puntuación ampliación período garantía	Puntuación total
Grundila SL	31	22,672	10	63,672
Termocalor SL	27	19,16	10	56,16
Manuel Alfonso Sousa Instalacións SLU (Mas Instalacións SL)	31	9,673	10	50,673

Lote 6

Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación prezo	Puntuación ampliación período garantía	Puntuación total
Grundila SL	31	23,407	10	64,407
Termocalor SL	26	20,232	10	56,232
Sapel Renovables SL	32,5	11,437	10	53,937
Manuel Alfonso Sousa Instalacións SLU (Mas Instalacións SL)	31	0,095	10	41,095



Así mesmo *acórdase* propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos 6 lotes do referido procedemento aberto, a empresa Grundila SL.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 16/02/2023, comproba que a empresa Grundila SL (CIF B-32.323.370) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 6159, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, o cumprimento das obrigas tributarias coa CAG, co Estado e coa Seguridade Social demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2023001435 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación adoptada na reunión celebrada o día 16 de febreiro de 2023 (CSV:NPVK0TOXYTKXFCM) e require a empresa Grundila SL (CIF B-32.323.370) que presenta a mellor oferta nos seis lotes do contrato, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Grundila SL (CIF B-32.323.370) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2023014187, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas polos seguintes importes :

	Importe	Carta de pago (nº operación)
Lote 1	3.961,40 €	202300049006
Lote 2	2.284,50 €	202300049007
Lote 3	4.178,50 €	202300049008
Lote 4	3.958,75 €	202300049009
Lote 5	1.397,00 €	202300049010
Lote 6	1.391,50 €	202300049112

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Sapel Renovables SL ao lote nº2 ao non acadar unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (22,50 puntos).

2.- Adxudicar os seis lotes do contrato de subministración e execución das instalacións de uso térmico de biomasa nos concellos de *Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa* correspondente co expediente FEDER EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostibles I” do IDAE financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020 a empresa Grundila SL (CIF B-32.323.370) conforme ao seguinte detalle:

Denominación lote	Importe (sen IVE)	IVE (21%)	Importe(IVE incl.)
LOTE 1.- Instalacións de biomasa sostibles I-Cangas	79.228,00 €	16.637,88 €	95.865,88 €
LOTE 2.- Instalacións de biomasa sostibles.-A Cañiza	45.690,00 €	9.594,90 €	55.284,90 €
LOTE 3.- Instalacións de biomasa sostibles.- Portas	83.570,00 €	17.549,70 €	101.119,70 €
LOTE 4.- Instalacións de biomasa sostibles.- Redondela	79.175,00 €	16.626,75 €	95.801,75 €
LOTE 5.- Instalacións de biomasa sostibles.- Tomiño	27.940,00 €	5.867,40 €	33.807,40 €
LOTE 6.- Instalacións de biomasa sostibles.- Vilaboa	27.830,00 €	5.844,30 €	33.674,30 €
Importe total	343.433,00 €	72.120,93 €	415.553,93 €

-Prazo de garantía ofertado: 36 meses

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/942.1700.652.15 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento:

Fitos de facturación:

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais polo importe dos traballos executados obtida das correspondentes medicións e aplicando a porcentaxe de baixa correspondente ao prezo de adxudicación de cada lote.

A porcentaxe de baixa será a mesma para todas as actuacións que forman parte dun mesmo lote e obterase en función do prezo de adxudicación dese lote.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. den expte e lote	2022058096 Lote_____	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpusese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

21.32399.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “EN RUTA COA DEPO 2023”.
 (Expte.2022062867)

A Deputación de Pontevedra, convoca o programa “En ruta coa Depo 2023”, dirixido a entidades sen ánimo de lucro, a través do que se lles ofrecen alternativas de ocio e de tempo libre aos distintos colectivos sociais da provincia, coa finalidade de fomentar o tecido asociativo e a convivencia, e ao mesmo tempo promover e dar a coñecer o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.



Trátase dun plan cun claro obxectivo social, xa que permite que as entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra, poidan realizar unha das 33 excursións recollidas no catálogo de 33 rutas ofertadas, acompañadas de persoal especializado. Estas excursións axudarán a desestacionalizar o turismo da provincia, inclúen as visitas guiada, o xantar e os traslados.

O programa conta con arraigo entre a poboación destinataria, de xeito que nos últimos anos incrementouse a participación chegando a cubrirse ata 20.000 prazas das cales 300 ofértanse de balde. O contido do Programa consiste en pasar un día de convivencia pola nosa provincia, incluíndose os traslados de ida e de volta en autobús desde os concellos de orixe, sendo en todo momento acompañados por persoal da empresa adxudicataria.

A Deputada Delegada de Cohesión Social ditou providencia de inicio solicitando a incoación do expediente para levar a cabo a contratación do servizo de “Xestión, desenvolvemento e execución do programa “*En ruta coa Depo 2023*” dentro do ámbito dos programas de participación social, xa que a execución deste programa require a dotación de persoal especializado (guías de turismo), contratación de autobuses, planificación das saídas e visitas guiadas, polo que este servizo no conta con medios propios para poder levar a cabo o mesmo de forma directa, necesitando dunha empresa especializada no sector para a implantación do mesmo.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2022, adoptou o acordo: “7.32437 -. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa EN RUTA COA DEPO 2023*”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 30/12/2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30/12/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 2/02/2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, e acorda admitir ás seguinte empresas:

- VIAJES EL CORTE INGLÉS. (A-28.229.813).
- HALCÓN VIAJES S.A. (A-10.005.510).

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de cohesión social .



Recibido informe da xefa do servizo de Cohesión social, de data 3/02/2023 (csv: 5CCYDJNF2BSNMBHU) a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 9/02/2023, presta conformidade ás puntuacións acadadas, por alcanzar a valoración mínima do 50% da puntuación máxima nos criterios de valoración mediante xuízos de valor (10 puntos), esixida para continuar no procedemento, sendo as puntuacións obtidas no sobre B as seguintes:

	Características dos establecementos propostos para xantar (ata 10 puntos)	Calidade e variedade dos menús ofertados (ata 10 puntos)	Puntuación sobre B “xuízos de valor” Ata un máximo de 20 puntos
HALCÓN VIAJES	9	9	18
VIAJES EL CORTE INGLÉS	5	5	10

A continuación procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Os valores ofertados polas empresas, constan no certificado da Mesa de contratación co csv GEMMO3BMSTUCDENA.

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos nos pregos a puntuación acadada polas empresas no sobre sobre C, é a seguinte:

	HALCON VIAJES	VIAJES EL CORTE INGLÉS
1. Criterio: prezo, ata un máximo de 40 puntos.	32,33	2,28
2. Criterio: Desconto ofertado por praza para neno/nas de 0 a 3 anos, ata un máximo de 15 puntos.	15	15
3. Criterio: Desconto praza nenos/as de 4 a 12 anos, ata un máximo de 15 puntos	15	15
4. Melloras propostas, ata un máximo de 5 puntos	5	5
5. Antigüidade media dos autobuses, ata un máximo de 5 puntos	2	2
TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 80 puntos)	69,33	39,28

A puntuación total do sobre B máis o sobre C é a seguinte:

		Sobre B	Sobre C	TOTAL
1	HALCON VIAJES S.A.	18	69,33	87,33
2	VIAJES EL CORTE INGLÉS	10	39,28	49,28



A Mesa de Contratación na súa sesión de data 16/02/2023 procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas presentadas, de acordo cos criterios de valoración establecidos no prego administrativo; e en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación neste caso a Xunta de Goberno, que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa HALCON VIAJES S.A. polos prezos e valores ofertados .

Por Resolución Presidencial nº 2023001439 de data 20/02/2023, requírese á empresa Viajes Halcón S.A., para que achegue a documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Á empresa Viajes Halcón S.A., presenta a documentación requirida, entre a que se atopa a constitución da garantía definitiva por importe de 30.801,65 € que figura depositada na Caixa da Deputación co número de carta de pago nº.202300048845

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizo_cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Adxudicar mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, a contratación do *Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa EN RUTA COA DEPO 2023, á empresa VIAJES HALCON S.A. (A-10005510), de acordo co seguinte detalle:*

1.- Prezo unitario ofertado por praza:

Importe sen o IVE:	26,03 €
IVE (21 %):	5,47 €
Importe total ofertado:	31,50 €

2.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 0 a 3 anos de idade:

De 12,00 a 13,50€

3.- Desconto ofertado por praza para nenos/as de 4 a 12 anos de idade:

De 12,00 a 13,50€



4.- Melloras propostas:

Merenda para os participantes	SI <input checked="" type="checkbox"/>
Botellín de auga a maiores nas comidas picnic	SI <input checked="" type="checkbox"/>

5.-Antigüidade media dos autobuses.

Maior de 4 e inferior de 5 anos	<input checked="" type="checkbox"/>
---------------------------------	-------------------------------------

O número máximo de prazas ofertadas é de 20.000, que serán financiadas pola Deputación e as persoas participantes de acordo co sinalado no apartado 4.1 Réxime de financiamento do prego de cláusulas administrativas.

A Deputación non se compromete a contratar un número mínimo de prazas subvencionadas, xa que a cantidade dependerá do número de persoas pertencentes a cada entidade, que soliciten participar en cada unha das rutas, sempre sen superar o orzamento máximo previsto para o programa.

SEGUNDO.- As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo aplicación orzamentaria 2023/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento:

O pago do prezo realizarase contra a presentación da correspondente factura , dentro dos 15 primeiros días do mes seguinte á realización da actividade, salvo autorización expresa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

Esta factura virá acompañada da seguinte documentación:

- Relación de entidades que participaron nas saídas, indicando o nome completo da entidade, o número de participantes, ruta e concello de orixe.
- Memoria individual de cada saída efectuada, na que consten os seguintes documentos:
 - ✓ Copia da transferencia bancaria ou documento onde coste o nome da entidade, número de participantes, cantidade aboada e data.
 - ✓ Certificado de participación final e avaliación para o responsable da entidade, no que conste o nome da entidade, número de participantes polo que se fixo o ingreso, número de participantes finais que acudiron a saída, data e sinatura do representante da entidade (segundo o modelo). Este certificado debe ser cuberto e firmado o día da saída.
 - ✓ Resumo da saída cuberto polo guía no que conste se houbo algunha incidencia, a súa valoración ó respecto e a súa sinatura (segundo o modelo)
 - ✓ Fotografías en grupo dos lugares visitados



- ✓ Fotografía do autocar ou autocares empregados
- ✓ Fichas dos autobuses utilizados nas saídas (estas tamén deberán ser previamente entregadas vía telemática cunha antelación de dous días á realización da ruta).
- ✓ Enquisas de avaliación dos participantes.
- ✓ Xustificante de entrega do material .

Serán aboadas unha vez emitido o correspondente informe favorable ou de conformidade do responsable do contrato, que reciba ou supervise o traballo, ou no seu caso, do designado polo órgano de contratación como responsable deste, expedida de acordo coa normativa vixente

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022062867	
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefa do servizo de cohesión social e xuventude.

A empresa adxudicatario deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo.

Os servizos dependentes do órgano de contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días hábiles contados desde que o seguinte a aquel en que se recibise o requerimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



22.32400.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2023041774, que contén 1 factura e por un importe de 3.000 €, e con CSV: 7ZIEI6XUJX6JTQ48, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/03/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	3.000 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	3.000 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b) Vista a relación de facturas con número 2023014777, que contén 15 facturas e por un importe de 28.864,89€ e con CSV: 588H60P6DDCZIX6Y, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/03/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	27.762,57 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	1.102,32 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	28.864,89 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



23.32401.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2023014772, que contén 1 factura e por un importe de 859,10 € e con CSV: Z2AV2Q0J7NQ2NDHQ, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/03/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	859,10 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	859,10 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

24.32402.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN. CULTURAL HÉROES DE CASAL DO EIRIGO DO CONCELLO DE VALGA, PARA A “RECREACIÓN DA BATALLA DE CASAL DO EIRIGO”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022018069)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da Asociación Cultural Héroes de Casal do Eirigo con NIF: G-94.028.933, do Concello de Valga, por un importe de 785,59 €, para a “Recreación da batalla de Casal do Eirigo” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 22/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

25.32403.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA DE CERDEDO DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE, PARA A “REALIZACIÓN DO V DÍA DA MÚSICA EN CERDEDO”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022019954)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da Asociación Escola de Música de Cerdedo con CIF: G-94.109.618, do Concello de Cerdedo - Cotobade, por un importe de 707,03 €, para a “Realización do V Día da Música en Cerdedo” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 17/02/2023 da citada Entidade renunciando á



subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

26.32404.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN TREBOADA SAN CAMPIO DE LONXE DO CONCELLO DE TOMIÑO, PARA O “ENCONTRO DE BOMBOS DE SAN CAMPIO”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022018832)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Treboada San Campio de Lonxe*, con NIF: G-67.731.414, do *Concello de Tomiño*, por un importe de 916,52 €, para o “*Encontro de bombos de San Campio*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 28/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

27.32405.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA ATLÁNTIDA DO CONCELLO DE VIGO, PARA O “CERTAME DE BANDAS 2022”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022019859)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Sociedade Cultural e Deportiva Atlántida* con NIF: G-36.620.854, do *Concello de Vigo*, por un importe de 1.283,13 €, para o “*Certame de bandas 2022*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 28/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

28.32406.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A CLUB DE TENIS CAMBADOS POR “VIII OLIMPIADA MINI-TENIS 2022”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022 (Expte.2022021799)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club de Tenis Cambados* con NIF: G36566602, do *concello de Cambados*, por un importe de 374,04 €, para “*VIII Olimpiada mini-tenis 2022*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023011585 con data 24/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



29.32407.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A PRADO SURF CLUB POR “PRADO SURF FEST”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022 (Expte.2022026371)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Prado Surf Club* con NIF: G36850014, do *Concello de Vigo*, por un importe de 2.077,97€, para “*Cto. noveles – Prado Surf Fest*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023013262 con data 28/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non celebrarse dito evento, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

30.32408.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB CICLISTA O ROSAL POR “XXIX TROFEO MONTES DE EIRAS-CICLOCROS”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022 (Expte.2022026441)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club ciclista O Rosal* con NIF: G36044741, do *Concello de O Rosal*, por un importe de 345,94 €, para “*XXIX Trofeo Montes de Eiras Ciclocros*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023013123 con data 28/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificar os gastos, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

31.32409.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A UD RIBERA O ROSAL POR “X TORNEO INFANTIL O ROSAL CUP”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022 (Expte.2022026685)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *UD Ribera O Rosal* con NIF: G36166213, do *Concello de O Rosal*, por un importe de 313,26 €, para “*X Torneo Infantil O Rosal Cup*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023013121 con data 28/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificar os gastos, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



32.32410.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A BARRO CF POR “IX TORNEO FÚTBOL INTERPARROQUIAL”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022 (Expte. 2022025293)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Barro CF* con NIF: G36149128, do *Concello de Barro*, por un importe de 701,32 €, para “IX Torneo Fútbol Interparroquial” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023012983 con data 28/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non celebrarse, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

33.32411.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A SCD ATLÁNTIDA POR “PENEDO CUP IIP” APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022 (Expte. 2022023980)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *SCD Atlántida* con NIF: G36620854, do *Concello de Vigo*, por un importe de 987,04 €, para “Penedo Cup IIP” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023013023 con data 28/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificarse, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

34.32412.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO PATOS SURF CLUB POR “CTO. COPA GALICIA SURF”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/09/2022 (Expte. 2022023239)

- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, de data 06/03/2023, e da Xefa do Servizo de Cooperación da mesma data que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán*, CIF: P3603500D, a cantidade de 113.311,51 euros con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS E AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN CHANDEBRITO” (Expte: 2023005935), cuxo orzamento ascende a 135.833,18€, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	135.833,18 €	113.311,51 €	22.521,67 €

- A concesión da subvención realízase contra a aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito para facer fronte ao gasto. Mais a presente concesión debe quedar condicionada a que o concello de Nigrán achegue, coa primeira xustificación, a resolución favorable do servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia, así como a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado debidamente dilixenciada.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



45.32423.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO QUE REXERÁ A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VARIOS EDIFICIOS MUNICIPAIS (CENTRO CULTURAL DE GUILLADE”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021-CONCELLO DE PONTEAREAS (Expdte.2021017405)

ANTECEDENTES

En data 24/09/2021, mediante acordo da xunta de goberno núm. 6.30807 concedeuse ao *Concello de Ponteareas* polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención, por importe de 83.732,60 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Mellora da eficiencia enerxética en varios edificios municipais (Centro Cultural de Guillade)” (expte.2021017405), en base a un orzamento que ascendía a 144.217,84 euros (que abrangue 137.748,93 euros de execución de obra máis 6.468,91 euros de honorarios técnicos). O financiamento do investimento quedaba configurado tal e como se reflicte deseguido:

Deputación de Pontevedra	83.732,60 €
IDAE	60.485,24 €
Total orzamento	144.217,84 €

En data 27/01/2023 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2023004138, dunha instancia xenérica do Concello de Ponteareas que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido e o certificado da xunta de goberno municipal, da mesma data, que aproba o novo proxecto e solicita a súa tramitación.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado pola necesidade readaptar o proxecto á evolución dos prezos do mercado ao ser declarado o procedemento de licitación deserto. Da aplicación dos novos prezos resulta un orzamento para coñecemento da administración de 170.930,66 euros (164.461,75 euros de orzamento contrata máis 6.468,91 euros de asistencias técnicas).

O incremento do custe é asumido polo concello, permanecendo as axudas outorgadas pola Deputación e o IDAE invariables., conforme se pon de manifesto na seguinte táboa:

Deputación de Pontevedra	83.732,60 €
IDAE	60.485,24 €
Achega do Concello de Ponteareas	26.712,82 €
Total orzamento	170.930,66 €

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.



- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos os informes do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación, de data 15/02/2023, e da xefa do servizo de cooperación da mesma data e visto o informe da intervención provincial, de data 03/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- a. Autorizar a substitución do proxecto técnico que rexerá a execución do investimento “*Mellora da eficiencia enerxética en varios edificios municipais (Centro Cultural de Guillade)*” (Expte 2021017405), incluído no Plan Concellos 2021.
- b. O novo proxecto non modifica a tipoloxía do investimento inicialmente aprobado pero supón un incremento no custe do investimento que se cifra en 26.712,82 euros. Este sobre custe é asumido polo concello, permanecendo as subvencións outorgadas pola Deputación de Pontevedra e o IDAE invariables. Desta forma, o financiamento do investimento queda distribuído como segue:

Orzamento total	170.930,66 € (164.461,75 € de obra máis 6.468,91€ de honorarios técnicos)
Subvención Deputación	83.732,60 euros
Subvención IDAE	60.485,24 euros
Achega Concello	26.712,82 euros

En termos relativos a subvención outorgada pola Deputación pasa a financiar o 48,98629% no lugar do 58,06% establecido inicialmente.

- c. A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2021, aprobadas polo acordo plenario 1.7538 de 15/12/2020 e publicadas no BOPPO núm.1 de 04/01/2021 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- d. Así mesmo, de conformidade co acordo plenario núm. 4.7875, de 28/10/2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022), o investimento de referencia debe estar executado a 30/09/2023 e xustificado a 31/10/2023.
- e. Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponteareas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

46.32424.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PLAN ASFALTADO VLAIS MUNICIPAIS” (Expte.2023005945)

ANTECEDENTES:

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 30/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Sanxenxo* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 866.427,14 euros, con destino ao financiamento “*Plan asfaltado de vías municipais*”, cun orzamento por importe de 866.427,14 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	866.427,14	866.427,14	0,00	0,00
TOTAL	866.427,14	866.427,14	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que deberán solicitarse os informes sectoriais que se recollen no documento de informes sectoriais do redactor do proxecto. No informe de afeccións sectoriais do redactor do proxecto, indica que deberán solicitarse autorización a Augas de Galicia, Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra, Dirección Xeral de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Dirección Xeral de Patrimonio Natural da



Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; consta no expedientes ditas solicitudes.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á aprobación do proxecto e acta de trazado previo (Anexo III) por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención de autorización sectorial de Augas de Galicia, Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra, Dirección Xeral de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 15/02/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do



facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 15/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 17/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Sanxenxo* CIF P3605100A, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 866.427,14 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Plan asfaltado de vias municipais*” (Expte:2023005945) cun orzamento polo importe de 866.427,14 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	866.427,14	866.427,14	0,00	0,00
TOTAL	866.427,14	866.427,14	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra, Dirección Xeral de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, así como, á súa presentación xunto co acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (Anexo III), sendo imprescindible que os remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o *Concello de Sanxenxo* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Sanxenxo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



47.32425.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓN S NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN S OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN S DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA”.
(Expte.2020043392)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2022010402 e data 22/04/2022 a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- *Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*
- *En data 21/12/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, asignándosele o rexistro núm. 202000017112.*
- *Tras a súa avaliación, en data 22/04/2022 (rexistro de entrada número: 2022010402) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816.*
- *O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.*
- *Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:*
 - Importe da axuda concedida*
 - Conceder á Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 274.855,56 euros*



Costo elixible admitido para o proxecto

O Costo elixible admitido é o seguinte:

MUNICIPIO	MEDIDA	INSTALACIÓN	INVERSIÓN TOTAL ADMITIDA (€)	COSTE ELEGIBLE ADMITIDO (€)	INGRESOS NETOS (€)	*COSTE SUBVENCIONABLE ADMITIDO (€)	AYUDA A OTORGAR (€) (Cofinanciación FEDER)
MEAÑO	Medida 6	Alumbrado público exterior en el municipio de Meaño	100.525,35	100.525,35	0,00	100.525,35	80.420,28
MEIS	Medida 6	Alumbrado Público exterior en el municipio de Meis	90.181,88	90.181,88	0,00	90.181,88	72.145,50
VILANOVA DE AROUSA	Medida 6	Alumbrado Público exterior en el municipio de Vilanova de Arousa	152.862,23	152.862,23	0,00	152.862,23	122.289,78
		TOTAL	343.569,46	343.569,46	0,00	343.569,46	274.855,56

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

- Neste sentido e conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, a Intervención da Deputación de Pontevedra o 27/04/2022 emitiu informe favorable previo á aceptación da axuda concedida, indicando que “corresponde á Xunta de Goberno, en aplicación da base número 16 das aprobadas para a execución do vixente orzamento
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 06 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 7.31677 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu amparo aos concellos beneficiarios (expte.2020043392).



- En data 07/07/2022 asínase o “convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Vilanova de Arousa para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” no que, entre outras cuestións, o Concello de Vilanova de Arousa comprométese a facer unha achega de fondos propios polo importe de 15.286,23 euros para cofinanciar as actuacións do proxecto.
- En data 30/09/2022 asínase a “addenda número 1 ao convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Vilanova de Arousa para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” para a modificación do financiamento da achega municipal. Polo que o importe de mil cento un euros con dez céntimos de euro (1.101,10€) que corresponde á redacción do proxecto, ingresárase no momento da sinatura desta addenda e a cantidade restante, que ascende a catorce mil cento oitenta e cinco euros con trece céntimos de euro (14.185,13€) será financiada con cargo a fondos propios do concello de Vilanova de Arousa e ingresárase en todo caso, antes de que finalice o mes de xaneiro do ano 2023 co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.
- Isto motivou que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 14 de outubro de 2022 aceptara solicitar ao IDAE a modificación do prazo de (6) seis meses, para acreditar que se formalizaron as contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda ao proxecto denominado IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, cuxo vencemento era o 22/10/2022, en (3) tres meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 22/01/2023. Esta petición estímase favorablemente polo IDAE, tendo entrada a resolución estimatoria en data 03/11/2022 mediante número de rexistro 2022025162.
- Para poder levar a cabo os proxectos mencionados e obter unha mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de iluminación, é precisa, previamente á execución material, a redacción dos proxectos técnicos que recollan as actuacións necesarias, así como a dirección dos traballos. Polo que en data 17/11/2022 mediante Resolución Presidencial 2022008271 aprobouse o expediente para a súa contratación, mediante procedemento aberto simplificado correspondente cos proxectos IDAE número FEDER-EELL-2020-005815 e FEDER-EELL-2020-005816. Producíndose o 10/01/2023 mediante Resolución Presidencial número 2023000099 a adxudicación do contrato á empresa Letter Ingenieros S.L. Sendo a sinatura dos correspondentes contratos o día 18/01/2023.
- En data 02/03/2023 iníciase o expediente de contratación dos traballos das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL-2020-005815, FEDER-EELL-2020-005816 do I.D.A.E, xustificándose no mesmo a tramitación de urxencia debido a que o prazo máximo para a conclusión das actuacións recollidas nos proxectos mencionados é o 31 de xullo de 2023 e a xustificación da realización das devanditas actuacións, deberá realizarse ante o Órgano Instructor no prazo máximo de (2) dous meses desde esa data, sendo deste xeito unha necesidade inaprazable e cuxa adxudicación é preciso acelerar por razóns de interese público. Atopándose actualmente este en fase de preparación previa á licitación.
- A pesar de iniciarse o procedemento dentro do prazo, a súa formalización acumulou retraso e o prazo para acreditar o inicio dos procedementos de contratación acumulou incidencias que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente iniciar os traballos necesarios para levar a cabo a renovación das instalacións de alumado exterior.



- *Ante esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (3) tres meses adicionais; sendo deste xeito o 22/07/2023 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-005816.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017).*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

COMPETENCIA:

- *O artigo 13.8. b do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.*
- *De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.*



- De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLG.S, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en todos os concellos a iluminación pública.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.



- *Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.*

III.- CONCLUSIONES

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola

Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%.

A pesar de iniciarse o procedemento dentro do prazo a súa formalización acumulou retraso, debido entre outras a demora por parte dos concellos na sinatura do convenio de colaboración necesario para o cofinanciamento das actuacións e tamén á carga de traballo actual do servizo de Contratación, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente iniciar os traballos necesarios para levar a cabo a renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa.

Ante esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (3) tres meses adicionais; sendo deste xeito o 22/07/2023 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-005816.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (3) tres meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 22/07/2023. Esta ampliación de (3) meses solo afecta ao trámite de xustificación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023. En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar a formalización dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”.



IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 06/03/2023, e da Intervención Provincial de data 07/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo de prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (3) tres meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 22/07/2023.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

48.32426.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-2703 PAZOS-PONTEAREAS, DENDE O P.Q. 0+000 O P.Q. 11+335 (CONCELLOS DE PAZOS DE BORBÉN E PONTEAREAS)”. (Expte.2023010861)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 2703 PAZOS-PONTEAREAS que percorre os termos municipais de *Pazos de Borbén* e *Ponteareas* pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 11.335 km.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 2703 PAZOS-PONTEAREAS resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 11+335, mediante o fresado da estrada, reposición do firme e sinalización, mellora da drenaxe, execución de cuneta revestida e instalación de sistemas de contención de vehículos, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*”, cun orzamento base de licitación de 789.520,90 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) KV9NCW49NAD5V1KZ.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 789.520,90 euros, con número de operación 202300047315 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a xefa do Servizo de Fiscalización, emitiu o preceptivo informe de fiscalización do proxecto (CSV) 8Z9KEER43DVAPPW2, no que se recolle o seguinte: “*...infórmase favorablemente o expediente...*”

Considerando.- Que consta no expediente, informe de supervisión do proxecto favorable, emitido por Francisco Alonso Fernández, xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vía Provinciais (CSV) GLT8N8HO32TBYULC.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado NON se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “*...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-2703 Pazos-Ponteareas, dende o P.Q. 0+000 o P.Q. 11+335 (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)*” redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias, cun orzamento base de licitación de 789.520,90 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) KV9NCW49NAD5V1KZ.

49.32427.- APROBACIÓN DA REFINANCIACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 21/2020 PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVIZO”. (Expte. 2021020591)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 18 de xuño de 2021, adxudicou o contrato de subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 para a “*Subministración de combustibles en estacións de servizo*”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado á empresa SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345).

En data 24 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno da Deputación acordou aprobar a prórroga do contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 durante o período 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen. O importe do gasto para a duración da prórroga do contrato (desde 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023) financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total (con IVE)
2023	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312.221.03	26.177,00 €
	ORAL	932.9320.221.03	876,85 €
	ARQUIVO	332.3322.221.03	1.667,25 €
	COOPERACION	942.4330.221.03	2.717,00 €
	SAIM	923.1623.221.03	12.882,89 €
	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	8.204,60 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	3.874,70 €
	FINCA MOURISCADE	411.4120.221.03	3.275,70 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	456.4530.221.03	192.415,00 €
	PARQUE MÓBIL	920.9200.221.03	62.294,50 €

Os servizos de Novas Tecnoloxías e Comunicación Institucional da Deputación non dispoñían de vehículos no momento da adxudicación do contrato baseado polo que non teñen crédito autorizado para o consumo de combustible. No obstante, nos últimos meses, atendendo ás necesidades dos citados servizos dotóuselles de vehículos para o uso do seu persoal que debe realizar desprazamentos. Motivo polo cal os Xefes de Servizo de Novas Tecnoloxías e Comunicación Institucional informan, en data 15 de febreiro de 2023 da necesidade de autorizar e dispoñer de aplicación orzamentaria para poder afrontar o gasto de combustible para o ano 2023.



Así mesmo, o Servizo de Arquitectura atópase pendente de que se lle adxudique un vehículo para o desprazamento do seu persoal polo que durante o ano 2023 precisará tamén autorizar crédito para o consumo de combustible.

Tamén en data 09 de decembro de 2022 a Directora de Xestión dos Servizos do Oral co visto e prace do Deputado Delegado informou que na estimación realizada para a adxudicación do contrato baseado so se tivo en conta o consumo realizado por so vehículo, do que se dispoñía nese intre, pero neste momento contan con 2 vehículos máis polo que é preciso incrementar a estimación de gasto realizada para o ano 2023.

Tendo en conta que o importe total comprometido para este contrato non se incrementa xa que a cantidade total é suficiente para facer fronte a todos os compromisos de gasto dos diferentes Centros Xestores, procede facer unha redistribución dos importes correspondentes a cada unha das aplicacións, reducindo naquelas que nas que existe un exceso de provisión e dotando de crédito aos novos Servizos que se incorporan ao contrato.

Visto que no acordo de aprobación da prórroga da Xunta de Goberno nº 12.32309 de data 24 de novembro de 2022 se advertiu un erro ao sinalar a aplicación orzamentaria con cargo a que se dispón e compromete o gasto da Finca Mouriscade, e tendo en conta que Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vista a dilixencia de conformidade en relación á proposta sobre a refinanciación do contrato baseado emitida pola Intervención en data 2 de febreiro de 2023.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Incluir ás seguintes aplicacións orzamentarias no contrato de subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 para a “*Subministración de combustibles en estacións de servizo*”:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CENTRO XESTOR
23/926.9260.221.03	Novas Tecnoloxías
23/924.9240.221.03	Comunicación Institucional
23/ 457.4500.221.03	Arquitectura



2.- Diminuír en 8.400,00 € o importe comprometido na aplicación 23/456.4530.221.03 ao considerarse suficiente para facer fronte as obrigas derivadas das súas necesidades.

3.- Autorizar e dispoñer gasto nas seguintes aplicacións orzamentarias:

	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total (con IVE)
2023	Novas Tecnoloxías	23/926.9260.221.03	2.000,00 €
	Comunicación Institucional	23/924.9240.221.03	1.200,00 €
	Arquitectura	23/ 457.4500.221.03	2.000,00 €
	Oral	23/932.9320.221.03	3.200,00 €

4.- Rectificar o citado Acordo da Xunta de Goberno número 12.32309 de data 24 de novembro de 2022, no seguinte senso:

Onde di:

	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total (con IVE)
2023	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312.221.03	26.177,00 €
	ORAL	932.9320.221.03	876,85 €
	ARQUIVO	332.3322.221.03	1.667,25 €
	COOPERACION	942.4330.221.03	2.717,00 €
	SAIM	923.1623.221.03	12.882,89 €
	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	8.204,60 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	3.874,70 €
	FINCA MOURISCADE	411.4120.221.03	3.275,70 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	456.4530.221.03	192.415,00 €
	PARQUE MÓBIL	920.9200.221.03	62.294,50 €

Debe dicir:

	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total (con IVE)
2023	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312.221.03	26.177,00 €
	ORAL	932.9320.221.03	876,85 €
	ARQUIVO	332.3322.221.03	1.667,25 €
	COOPERACION	942.4330.221.03	2.717,00 €
	SAIM	923.1623.221.03	12.882,89 €
	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	8.204,60 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	3.874,70 €
	FINCA MOURISCADE	410.4120.221.03	3.275,70 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	456.4530.221.03	192.415,00 €
	PARQUE MÓBIL	920.9200.221.03	62.294,50 €



50.32428.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO DA CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTES COS EXPEDIENTES FEDER-EELL-2020-005815, FEDER-EELL-2020-005816 DEL I.D.A.E. FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020. (Expte.2023008926)

Con data 3/03/2023 a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-005815, FEDER-EELL-2020-005816, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 que comprende as seguintes actuacións:

Lote 1	Nome	Denominación del proxecto IDAE	Presuposto total (IVE incluído)	Fecha de resolución de la concesión	Municipios nos que se desenvolve
Lote 1	ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE XII	FEDER-EELL-2020-005815	739.417,53 €	30/05/2022	<i>Tomíño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo</i>
Lote 2	ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE XIII	FEDER-EELL-2020-005816	343.569,46 €	22/04/2022	<i>Meis, Meaño, Vilanova de Arousa</i>

Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en Carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) os proxectos detallados anteriormente.

Nestes proxectos perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación exterior dos concellos mencionados co fin de reducir a demanda enerxética e, polo tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a substitución das lámpadas actuais de baixa eficacia por luminarias LED, de acordo con o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.



Para poder realizar dita substitución e os traballos de renovación das instalacións de iluminación que vaian asociados é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación mediante o presente informe cuxo resultado último serán instalacións de iluminación máis eficientes e que cumpran cos regulamentos e normativa de aplicación.

Ratifícase a necesidade desta contratación por carecer a Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas; o alto volume de traballo existente e pola áxil execución que se require para cumprir cos prazos marcados polo IDAE. A realización dos traballos e o despacho dos mesmos nun tempo adecuado require de varios equipos con persoal formado e experiencia no ámbito de instalacións de iluminación con tecnoloxía LED.

Por acordo da Xunta de goberno de data 17 de febreiro de 2023 autorízase a publicación dun anuncio de información previa co fin de dar a coñecer o contrato proxectado. O anuncio de información previa publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20/02/2023.

Xunto coa providencia de inicio remítense ao servizo de contratación os proxectos de obra que foron redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial , Alberto Isidoro Ochando Ramírez (Nº de Colegiado COTTIG1542) da empresa Letter Ingenieros SL, adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE NÚMERO FEDER-EELL-2020005815 e FEDER- EELL-2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 , sendo ditos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno na sesión do 3/03/2023 unha vez informados favorablemente pola intervención.

Na aplicación 2023/942.1650.652.15.2021 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, segundo se acredita mediante os correspondentes documentos de retención de crédito que constan no expediente.

Na memoria xustificativa csv BOG0LYVVLK2RJ4OH elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico-administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Vistas así mesmo as actas de replanteo previo asinadas con data 6/03/2023.



Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 2/03/2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto o informe da Secretaría Xeral csv GBXYGKLAE3BNP85X, de data 3/03/2023, e as observacións contidas no mesmo e vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaría, polo servizo de Cooperación e Contratación, reflectidas no informe do Servizo de cooperación de data 3/03/2023 csv NCKBWXJMCFFFZR38 e no prego de cláusulas económico-administrativas.

Visto que con data 3/03/2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

A Xefa do servizo de Fiscalización en data 8/03/2023, informa favorablemente o expediente e recolle as seguintes observacións (csv QE0WT4TOHDDQ79FY):

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.

Considerando a porcentaxe de cofinanciamento da contratación proposta con fondos europeos (80%) e os prazos de formalización dos contratos esixidos para os distintos lotes, advértese do risco de incumprimento das condicións establecidas na Resolución de concesión da axuda do IDAE, polo que con carácter previo á adxudicación e/ou formalización dos distintos lotes, deberase verificar a posibilidade de cumprimentos dos prazos, a efectos de desistir da adxudicación ou da formalización dos contratos naqueles supostos nos que se incumpra o prazo esixido pola citada resolución de concesión de cada lote.”

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

De conformidade co establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), e as especialidades establecidas no arto 50 do RD-L 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos establecidos na LCSP, para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade por exceso, coas salvidades sinaladas en ditos artigos, e sen prexuízo do prazo que expresamente se conceda para a presentación de ofertas.

Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Lei 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcorrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do expediente 2023008926, para contratar Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-005815, FEDER-EELL-2020-005816, do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020, motivado polas circunstancias incluídas na providencia de inicio csv YVGRQ7J9AJG7LB6W de data 2/03/2023 e no informe complementario csv 7V9JCJ7FW25UOTJ9.

Por acordo da Xunta de goberno de data 17 de febreiro de 2023 autorízase a publicación dun anuncio de información previa co fin de dar a coñecer o contrato proxectado. O anuncio de información previa publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20/02/2023.



2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-005815, FEDER-EELL-2020-005816, do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020, que comprende as seguintes actuacións e cun prazo de execución de dous meses a contar desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo:

Lote	Denominación de lote	Número proxecto IDAE	Concellos	Importe máximo (IVE no incluído)	Importe máximo (IVE incluído)
1	ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE XII	FEDER-EELL-2020-005815	Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo.	561.200,19 €	679.052,23 €
2	ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE XIII	FEDER-EELL-2020-005816	Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa.	259.931,70 €	314.517,36 €
TOTALES				821.131,89 €	993.569,59 €

2.-Autorizar o gasto por importe de 993.569,59 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.1650.652.15.2021 do vixente orzamento provincial.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: ZIBNJJGQEUVLJ5ZIO) que rexerá dita contratación e os pregos de prescricións técnicas que se detallan a continuación:

LOTE 1.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XII (PROXECTO FEDER -EELL-2020-005815)		
PROXECTO	Orzamento base de licitación (IVE incluído)	CSV
Proxecto 1.1 Renovación de las instalaciones de iluminación exterior no Concello de Arbo.	63.441,70 €	TXTENDV41ACRE7WD
Proxecto 1.2 Renovación de las instalaciones de iluminación exterior no Concello Pazos de Borbén	179.764,32 €	QALFZIF5XVTGLFTY
Proxecto 1.3 Renovación de las instalaciones de iluminación exterior no Concello de O Porriño	178.288,42 €	QH67C6030VXOQWDR
Proxecto 1.4 Renovación de las instalaciones de iluminación exterior no Concello de Tomiño.	151.326,29 €	QGRI45JDLV7DV0YX
Proxecto 1.5 Renovación de las instalaciones de iluminación exterior no Concello de Tui.	106.231,50 €	1OFGFBR79RQQFRPO
TOTAL	679.052,23 €	



LOTE 2.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII FEDER .EELL 2020-005816		
PROXECTO	Orzamento base de licitación (IVE incluído)	CSV
Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meaño	92.902,35 €	QWKMQCQPK757Y9U9
Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis	82.062,78 €	QW4XIB9Y57FV2CFF
Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello Vilanova de Arousa	139.552,23	QQZUCO5QH71ZSR9G
TOTAL	314.517,36 €	

4.- Nomear responsable do contrato o enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 17 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

51.32429.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7203, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 0+380. SOUTELO DE MONTES (FORCAREI)” (Expte.2022045200)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP-7203 Soutelo–Covas, que transcorre polo concello de Forcarei e que ten unha lonxitude de 9.762 m.

Resultando.- Que na actualidade, o tramo comprendido entre o p. q. 0+000 e o p. q. 0+380 da EP-7203 Soutelo– Covas necesita unha actuación de mellora da seguridade viaria co fin de crear un itinerario peonil que comunique o centro urbano de Soutelo de Montes co entorno da igrexa parroquial de Santa María Madanela de Montes, que se atopa, a maiores, nunha zona con edificacións consolidadas nas marxes da estrada, e cun número importante de peóns que acoden diariamente á igrexa ou ao centro urbano de Soutelo de Montes polo medio da estrada provincial, co risco e inseguridade viaria que iso produce ao non existir unha área reservada para peóns no tramo indicado)”.

Resultando.- Que con data 23/06/2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei, convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)”



Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Forcarei mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	242.076,72 €	70
Concello de Forcarei	103.747,17 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	345.823,89	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro José ÁNGEL Núñez Ares, adscrito á empresa CONSULTORES AIN ACTAIVE, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*” cun orzamento base de licitación de 345.823,89 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) V0P7DA9X7LLE2HQ7.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*”

Resultando.- Que consta no expediente, informe de supervisión do proxecto favorable, emitido por Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: TNNQV7T9KQYIN1YX).

Resultando.- Que tamén constan no expediente as preceptivas autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia (CVE: nz3Owb3AD9), autorización de Augas de Galicia (CVE XxCmdA65h0), e autorización da Unidade de Estradas do Estado, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (CSV MFOM02S3752A6A2053C9F417572B).

Resultando.- Que consta no expediente certificado do secretario do Concello de Forcarei no que se acredita a posta a disposición da Deputación de Pontevedra dos terreos necesarios para a execución do investimento (CSV: 67K2WHRNGM2GJ5XRHDQFMHC4Y).

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 345.823,89 € con número de operación 202300006550, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/02/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)” polo enxeñeiro José ÁNGEL Núñez Ares, adscrito á empresa CONSULTORES AIN ACTAIVE, cun orzamento base de licitación de 345.823,89 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) V0P7DA9X7LLE2HQ7.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación (CSV) K0TBDZBA0XB108FA, que recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse informe de fiscalización do expediente con CSV (IKG7JB078IWCTYI4), no que se recolle o seguinte: “...*Respecto das autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras cabe sinalar o seguinte: A autorización de Augas de Galicia recolle como condición que “o prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses, contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución (2 de xuño do 2021). Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo”. A autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia sinala como condición que “as obras deberán quedar rematadas no prazo dun (1) ano contado a partir da data da presente resolución (25 de agosto do 2022); esgotado este prazo sen que se solicitara prórroga xustificada, esta autorización non terá validez nin efecto. Non iniciar as obras dentro do prazo sinalado para a súa terminación será causa suficiente, sen mais trámite, para a caducidade da autorización coa perda de todos os dereitos “ Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro.
CONCLUSIÓN Polo exposto, *infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente.*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”



Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*” cun orzamento base de licitación de 345.823,89 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	285.804,87 €
IVE (21%).....	60.019,02 €
Importe Total	345.823,89 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 9X5MKXBKI7P7EIDW, e de prescricións técnicas con código (CSV) V0P7DA9X7LLE2HQ7, que rexerán neste procedemento.



3. Autorizar o gasto por importe de 345.823,89 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar ende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

52.32430.- ACEPTACIÓN DO EXERCICIO DO DEREITO DE OPCIÓN DE COMPRA POR PARTE DA EMPRESA TRANSFRÍO RÍAS BAIXAS S.L. PARA A ADQUISICIÓN DA PARCELA A-18 DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, BARRO (Expte. 2023005393)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme do Secretario Xeral, de data 28 de febreiro de 2023, que textualmente di:

“Vista a solicitude presentada por D. Jose Manuel López Domínguez e D. Francisco Javier Souto Táboas, actuando en nome e representación da empresa TRANSFRÍO RÍAS BAIXAS, S.L., sobre o asunto arriba indicado, pola presente emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A Xunta de Goberno Provincial, na sesión celebrada o 24 de xaneiro de 2022, acordou outorgar á empresa Transfrío Rías Baixas, S.L a constitución dun dereito de superficie, con opción de compra, sobre a parcela A-18 do Polígono Industrial Outeda-Curro, Barro, de 2.442,86 m², cun canon anual ofertado de 17.557,81, IVE incluído, máis as actualizacións correspondentes.

As características da parcela A-18 son as seguintes:

Superficie: 2.442,86 m²

Ocupación máxima: 1.374,06 m²

Coefficiente de Edificabilidade: 1,10%

Edificabilidade: 2.687,40,10 m²

Líndes:

Norte: VLARIO-APARCADOIRO

Sur: PARCELA A-15

Leste: VLARIO-APARCADOIRO

Oeste: PARCELA A-17

INSCRICIÓN.- Figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, ao Tomo 815, Libro 74, Folio 207, Finca número 10.195.

REFERENCIA CATASTRAL: 36002A049003370000HF



Devandito acordo de constitución dun dereito de superficie sobre a parcela A-18, por un prazo de 25 anos, coa posibilidade de exercer durante os cinco primeiros un dereito de opción de compra, elevouse a escritura pública (nº 313) outorgada o 18 de febreiro de 2022 ante o Notario de Pontevedra, D. José Manuel Gómez Varela.

Segundo. O 25 de xaneiro de 2023 (rexistros web2023003841 e web2023003875) a empresa Transfrío Rías Baixas, S.L. presenta escritos no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra a través dos cales solicita o exercicio da opción de compra da parcela A-18, mediante a modalidade de pago único; solicitude que é completada en data 22 de febreiro de 2023 mediante o rexistro do aval nº 0182001070360, emitido polo Banco BBVA, por importe de 14.728,25 euros, en concepto de fianza definitiva para exercitar a opción de compra e que se depositou esa mesma data na Tesourería da Deputación de Pontevedra.

TRATAMENTO TÉCNICO

